



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERÍAS DE CULTURA E TURISMO E DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA A ELABORACIÓN CONXUNTA DA CANDIDATURA ILLAS CÍES- PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA NA LISTA DO PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura e Turismo,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e as Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a elaboración conxunta da Candidatura Illas Cíes – Parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia de dous anos dende a súa sinatura, contemplándose a posibilidade de prórroga por acordo das partes.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: a elaboración conxunta da candidatura Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas para a inclusión na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO segundo o modelo establecido no Anexo 5 das Directrices Operativas para Aplicar a Convención do Patrimonio Mundial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento conxunto que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Lei 5/2016 regula no seu título II o réxime de protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia. No capítulo primeiro do citado título (artigo 33) establécese que “a Xunta de Galicia fomentará medidas e actuacións dirixidas a garantir a protección do patrimonio cultural de Galicia”, sen prexuízo do disposto no artigo 32 da presente lei.

Así mesmo, contempla no seu artigo 10.1h) como unha das categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados, o paisaxe cultural : o lugar identificable por un conxunto de cualidades culturais materiais e inmateriais singulares, obras combinadas da natureza e o ser humano, que é o resultado do proceso da interacción e interpretación que unha comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da D. X. de Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo primeiro” Protexer o patrimonio cultural galego”que inclúe estudos, traballos e documentos necesarios para incorporar ao Rexistro de Bens de Interese Cultural , novos bens pertencentes aos patrimonios culturais emerxentes como son os paisaxes culturais, e cumpre con todos os criterios obxectivos fixados nesta programación.

Por outra banda,a Consellería de Medio Ambiente. Territorio e Vivenda, é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de medio ambiente, territorio e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural exerce, entre outras funcións: O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos; A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da Comunidade Autónoma galega; A



promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen; A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

O artigo 1 da lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, atribúe a estas institucións a realización do servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, conferíndolles, entre outras funcións, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura; a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística; ou a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida, e do desenvolvemento económico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,
A Directora Xeral de Patrimonio Cultural,
María del Carmen Martínez Ínsua,

